

VIII Media Maratón Ribadeo – As Catedrais

1. Denominación

O Concello de Ribadeo organiza a “VIII Media Maratón Ribadeo – As Catedrais”

2. Data de celebración

Sábado 17 de setembro de 2022. A saída da proba será ás 17:00 horas dende a casa do Concello de Ribadeo.

3. Percorrido, categorías e premios

A distancia desta carreira é a dunha media maratón 21.097 m., sobre un pavimento mixto: asfalto, terra e aglomerado de grava. A saída ten lugar dende a casa do Concello e realiza un pequeno percorrido urbano pola vila de Ribadeo, tomando logo dirección cara á praia das Catedrais pola costa, pasando polo Cargadeiro, a illa Pancha, Rinlo e a ruta das praias (Xuncos, Os Castros, Illas e Esteiro, para rematar nas Catedrais)

Categorías:

- Xuvenil; De 16 a 18 anos (Menores de idade necesitan autorización)
- Sénior; De 19 a 39 anos
- Veteran@ A: De 40 a 49 anos
- Veteran@ B: De 50 a 59 anos
- Veteran@ C: De 60 a 69 anos
- Veteran@ D: 70 anos ou mais

Medallas aos/ás 3 primeiros/as de cada categoría (masculino e feminino).

Trofeo para o corredor e corredora máis xove e máis veterano/a en rematar a proba.

Camiseta conmemorativa para cada atleta que chega á meta.

Bolsa do corredor

Medalla Finisher

RIBADENSES E CLASIFICACIÓN FINAL DA MEDIA MARATÓN:

Trofeos e premios en metálico para os 3 primeiros homes e 3 primeiras mulleres, tanto na clasificación absoluta como na de *Ribadenses*.

Os premios son de: 100 €, 50 € e 25 €. NON SON ACUMULATIVOS

4. Información

Toda a información sobre a proba áchase dispoñible na páxina web creada para o evento: <http://mediamaratonascatedrais.ribadeo.org>. Tamén pode seguir as novidades no facebook: Media Marathón Ribadeo - As Catedrais. Asemade, poden consultar calquera dúbida en deportes@ribadeo.org

5. Inscricións e prezos

Tarifas de inscrición:

- 100 Primeirxs inscritxs: 5 €
- Dende o inscrix 100 ata o 17 de maio: 6 €
- Dende o 18 de maio ao 25 de xullo: 7 €
- Dende o 26 de xullo ao 15 de agosto: 8 €
- Dende o 16 de agosto ao 13 de setembro: 9 €

INSCRICIONS PARA A CARREIRA

- **A través de Internet** en www.championchipnorte.com, ata o martes 13 de setembro ás 23:59 horas.

Poderase verificar a inscrición dos seguintes xeitos:

- 1.- Visualizando as listaxes de persoas preinscricións publicadas nas webs.
- 2.- Recibirase un mail na dirección que se introduciu na conta de usuario/a
- 3.- Poderase ver este xustificante accedendo á conta de usuario/a.

As persoas que non finalicen o proceso de inscrición (segundo a mensaxe de aceptación) non estarán correctamente inscritas.

- **Inscrición presencial** nas oficinas das áreas de Deportes e Información Xuvenil do Concello de Ribadeo (OMIX), Casa da Xuventude (rúa Antonio Otero, 15) antes do martes 13 de setembro ás 14,00 h., achegando os seguintes datos obrigatorios:
 - Nome e apelidos
 - DNI con letra
 - Data de nacemento completa
 - Enderezo
 - Club ao que pertence
 - Se está federado ou no
 - Teléfono de contacto
 - Enderezo electrónico para a confirmación da inscrición.
 - Se está censado no Concello
 - Talla de camiseta

IMPORTANTE: Non se admiten inscricións posteriores ao martes 13 de setembro. Os chips son persoais e intransferibles e van asociados a cada participante, cada dorsal levará o seu propio chip na parte posterior.

6. Datos de interese para @s atletas.

- A retirada de dorsais será o sábado 17 de setembro de 11:00 a 13:00 e de 14:45 a 16:45 horas na casa do Concello de Ribadeo
- No caso de que os protocolos federativos ou sanitarios o indicaran: Debe facer os exercicios de quencemento con máscara a cal se tirara nos contenedores de

lixo colocados nun punto determinado dentro do primeiro kilómetro (quen o desexe podera pedir unha máscara quirúrxica no momento de recoller o dorsal)

- Estarán a disposición das persoas participantes os vestiarios do Pavillón Polideportivo Municipal (Avda. de Luarca s/n), tanto para cambiarse antes da proba coma para ducharse unha vez finalizada.
- Haberá autobuses para trasladar os/as atletas antes da proba, dende a praia das Catedrais ata a Casa do Concello de Ribadeo. Dende as 14:45 ata as 16:30 horas non é recomendable agardar o final xa que os últimos van completos (cada 15 minutos).
- Recollida e traslado de mochilas de participantes dende a Casa do Concello ata a Praia das Catedrais (ata ás 16:45 horas).
- Durante a proba os/as atletas disporán de 3 puntos de avituallamento líquido.
- Na meta os/as atletas disporán de avituallamento líquido e sólido
- Camiseta conmemorativa.
- Medalla Finisher
- No caso de ser necesario, entrega de máscara quirúrxica unha vez pasen o arco de meta

7. Regulamento e normativa particular

1 As persoas participantes correrán polo carril dereito debidamente habilitado para tal fin, sempre obedecendo as indicacións do persoal de carreira que en todo momento estará debidamente identificado.

2 Os únicos vehículos autorizados para seguir a carreira son os acreditados pola organización. Calquera outro vehículo (automóvil, moto, motocicleta ou bicicleta) non autorizado será expulsado da carreira. Non se permite tampouco ningún vehículo de apoio a participantes, en dito caso serán ambos expulsados da carreira.

3 A organización, nos casos que sexan precisos e como medida de precaución, poderá obrigar o/a corredor/a a abandonar a carreira, quedando a organización exonerada de calquera responsabilidade sobre os danos persoais que poda ocasionar o non acatar por parte do corredor dita orde.

4 Todas as persoas participantes estarán cubertas por unha póliza de seguros de responsabilidade civil e de accidentes. A organización declina toda responsabilidade sobre os danos físicos ou morais que durante a participación nesta proba o/a atleta poida causarse a si mesmo/a ou a terceiras persoas. A organización da proba non se fai

responsable dos danos ou perxuízos propios e/ou a terceiros que cada participante poida ocasionar.

5 Toda persoa participante polo simple feito de tomar a saída acepta as condicións do presente regulamento.

6 O tempo máximo para finalizar a proba é de 3 horas, para así poder velar pola seguridade dos participantes.

7 No caso de que os protocolos federativos ou sanitarios o indicaran: Debe facer os exercicios de quencemento con máscara a cal se tirara nos contenedores de lixo colocados nun punto determinado dentro do primeiro kilómetro (quen o desexe podera pedir unha máscara quirúrxica no momento de recoller o dorsal)